

# El bar musical

## "LA FONTE"



*A hestoria pequena dos nosos lugares faise tamén falando dos sitios onde a xente pasaba el tempo y se divertía, onde taba de parola ou tomaba us netos de viño. Y non sólo hai muitos anos, col chamao xeito de vida tradicional, senón tamén con outras maneiras modernas de diversión nel qu'a hosteleiría ten muito que dicir. Félix Martín xa nos ten cuntao nestas páxinas da vida d'outros bares tapiegos y hoi tócase el turno a ún qu'él mesmo levóu.*

↓ Félix Martín Martínez

**L**a Fonte tuvo aberto nos meses de xuyín y agosto de 1979, 80 y 81 nel piso d'embaxo d'úa casa da familia da Fonte, nel nº 3 del Parque de Tapia, que tuvera arrendada á Telefónica dende 1946 hasta que se rescindíu el contrato en 1978.

Foi el primeiro bar musical que s'abríu en Tapia, un pouco al son dos chiringuitos nocturnos y de carácter sobre todo musical y branego que na parte oriental de Llanes xa vían funcionando con ben éxito dende había dalgús braos.

Leváronlo el qu'esto escribe y Franchesco Martínez, da familia tapiega conocida como *da Fonte*. Con úa instalación ben austera, barra de madera con casqueiros de pino feita pol propio Franchesco, un mobiliario de mesas y banquetas de madera tamén domésticas, lámparas de bringas, posters en cartulina nas paredes y servicio unisex, foron quen, así y todo, a amañar un ambiente de moxedá mui agradable y unde sobre todo a música era sempre protagonista.

Tía un veyo equipo musical marca *Musicsón*, comprao de segunda mao por 30.000 pesetas y que s'usaba muito daquela polos grupíos de música, con dous altavozóis forraos con papel de pegar qu'imitaba a madera. Cada ún d'estos altavoces pousao nel tarrén tía más d'un metro d'altura y por ellos salía cada tarde-noite dous estilos musicales ben diferentes. Dende as oito da tarde condo abría as portas y hasta a media noite, na *Fonte* podíase escuitar, sem-

pre en formato cassette, a música más moderna del momento y unde nun faltaban grupos como Supertramp, Bee Gees (nun sei cómo carayo s'escribe), Dire Straits, Bob Marley, Bloque, etc., además de cuase toda a colección de The Beatles.

Dende a madrugada os ritmos modernos deixaban paso á música folclórica hispanoamericana, más axeitín qu'el outra, muito más asosegada y tranquila y cuase sempre a base de boleros, valeses, zambas ou tangos y unde grupos como Los Panchos, Los Chalchalersos, Los Fronterizos ou artistas como Cafrune, Larralde ou Gardel nun podían faltar.

Peró sobre todo *La Fonte* foi escenario d'actuacións en vivo espontáneas por parte de varios dos sous miyores clientes de sempre y entre os que se recorda al tuno uviedín Wima Artamendi, gran guitarrista y intérprete de tangos al más puro estilo arrabaleiro. Nel acordanza dos que lo escuitaron y foron os sous amigos inda súan cántigas d'obrigada complacencia como "La Cieguita", "Mi Buenos Aires querido", "Loco", "El Corralero" y hasta as mui asturianas "Coplas del Coque", que naquelos años recopilara El Porfi, xenial personaxe d'Uviéu, y que despós foron grabadas pol artista asturiano Jerónimo Granda. En ocasións outro uviedín, Miguel Fernández, gran guitarrista y miyor cantante, actuaba cua miyor escoceta del reportorio de Cafrune, Larralde ou Atahualpa Yupanqui y del que recordamos a milonga "Coplas del Payador perseguido". As más das veces, y hasta



Un recanto del bar musical "la Fonte"

alternándose cos outros dous cantantes dos que falamos, a langreana de Sama Lola Granda, acompañándose cúa guitarra, era protagonista fendo gala d'un muito bon gusto musical pa os boleros sobre todo, entre os que nun podía faltar "La Caña dulce" ou "La Bogotana". Alredor d'ela nunca faltaba un bon peteiro de coristas p'acompañala.

Con todo, y obrígaos polos tempos, el horario pa pechar *La Fonte* namás podía chegar, por imperativo gubernativo, hasta as dúas da noite, lo qu'hoi iba pintar impensable. A esta hora nun solía faltar á cita a parexa da Guardia Civil que, posta al pé del quiosco de Valentín, cronometraba con puntual esactitud a salida dos máis perezosos clientes da *Fonte* p'así botalo en cara al outro día a os amos del chiringuito recordándoyes a necesidá del rigoroso cumprimento del horario que, daquela, dependía del xa desaparecido Gobierno Civil.

Naquelos anos el cuartel da Guardia Civil tapiego era comandao por un mui xeniudo sarxento d'orixe galega –tamos na fe de que d'Ourense– y con quen máis valía tar de búas, por se acaso. Entre os guardias recórdase tamén al tapiego Indalecio, que sempre fía gala de muito búas formas nel trato tanto cos que levaban el bar como con cualquera outro tapiego ou braniente.

A clientela del chiringuito, así y todo y como a noite nun se daba por acabada al pechar *La Fonte*, tomaba mui someira as últimas copas, que las botaban ás escondidas y bebíanlas entre cántigas y guitarras nel mesmo Parque, naquel entoncias sin asfaltar. Comoqira que sía, pódese dicir mui alto qu'el bar nunca trouxo ningún amarramento, marabayo ou molestia a ningún vecín dos alrededores que, inda hoi, poden dar fe d'esto.

Por aquel tempo, y tendo en conta que nun había inda el peteiro de bares musicales del Muelle –*La Jofaina* veu despós, nel brao de 1980–, *La Fonte* axuntaba cada noite lo máis escoyido da bohemia nocturna del brao tapiego; tamén a non poucos hosteleiros, entre os que, a ultimísima hora, dábanse cita José el del *Nira*, Juanín el del *Mesón del Puerto* ou Josemari el del *Rincón*. Tamén se recorda entre os clientes al sotroñdín Pergentino Díaz, el árbitro fut-

boleiro más admirao da Quincena Deportiva tapiega y tamén el querido catedrático universitario Ignacio de la Concha que, pouco antias das dez da noite, solía presentarse –«...es que la Coca-Cola hace que me siente mejor la cena...»– y que muitas veces encontrábase na *Fonte* con non poucos dos sous alumnos da Universidá.

Á cita nocturna nun solían faltar tampouco, y entre outros, Melé, Maxi y Rubén de Balmorto, Quico de Conchita, Jaime Palacios ou a familia de Ramón Bas cuase dafeito que, un par d'anos despós, abríu con tanto éxito el pub *El Ancla*, nel piso d'embaxo del edificio del Edén.

*La Fonte* foi el primeiro establecemento hosteleiro tapiego que competiu en Fútbol Sala na Quincena Deportiva que con tanta fama amañou el popular uviedín Selín. Tamén foi el primeiro equipo que puxo publicidá na camiseta, del propio bar, lo que fixo que tuvera que pagar más na inscripción. El más destacao d'este equipo, unde xugaron entre outros Jaime Palacios, Antonio el del Ancla, Toni Marqués, Miguel de Servando, Leiviña, Luis Mourín, Maxi el de Salave, Franchesco ou Félix Martín, nun foi precisamente el éxito nos resultaos senón el sou comportamento dentro y fora da pista. Mesmamente se recorda que na noite despós de cada partido, el bar musical *La Fonte* convidaba al equipo rival a tomar úas copas como confraternización deportiva.

Un refresco d'entoncias costaba na *Fonte* 25 pesetas, mentres qu'un cubalibre valía 125. Entre as bebidas más chamadeiras d'aquelos braos, recórdase el famosísimo whisky *Duncan*, que tía a súa representación comercial el uviedín Toni Marqués, cliente habitual del bar.

Foi un tempo, al cabo, unde recordamos con gusto cómo as noites de bohemia tapiega, nel canto d'acabar nun parte de guerra ou *kale borroka* –como tantas veces hoi pasa–, solían acabar núa larga parolada alrededor d'úa queimada nel Alto dos Campos, nel banco de pedra dos Sindicatos, delante del Edén ou na punta del Muelle, sito este unde se podía –sobre todo se había guitarras pol medio– seguir hasta deshoras da noite, eso si, col permiso del nordés. ☞



El autor, us anos más novo, con Wima Artamendi